

Normativa de avaliación e recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

Aprobada polo Consello de Goberno do 24 de outubro de 2023

Contidos

Exposición de motivos	1
1. GID	2
1.1. Definición	2
1.2. Denominación.....	2
1.3. Composición.....	2
1.4. Coordinación	3
1.5. Obrigas	3
2. Liñas prioritarias de actuación.....	3
3. Avaliación dos GID.....	4
3.1. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID)	4
3.1.1. Composición.....	4
3.1.2. Funcións	4
3.2. Período sometido a avaliación	5
3.3. Méritos avaliábeis.....	5
3.4. Criterios de avaliación e evidencias	5
3.5. Resolución	5
3.6. Certificación e difusión de resultados	5
3.7. Vixencia da avaliación.....	6
4. Disposición derogatoria	6
5. Disposición final.....	6

Exposición de motivos

O Artigo 6 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) sobre a función docente indica que «a innovación nas formas de ensinar e aprender debe ser un principio fundamental no desenvolvemento das actividades docentes e formativas universitarias».

Un dos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico da UDC é «impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe», mentres que o «impulso dos grupos de innovación docente» é un dos seus obxectivos operativos que tamén se recolle no Plan operativo anual 2023.

A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) asignoulle ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) a función de apoiar a

innovación educativa nas súas diversas facetas e adoptou o compromiso de recoñecer e fomentar a innovación educativa nas aulas a través da creación de grupos de innovación docente (GID), que están a desenvolver o seu labor desde o ano 2017.

Esta normativa ten como obxectivos específicos os que seguen:

- a) Promover a participación do profesorado en accións de innovación educativa.
- b) Fomentar o traballo colaborativo e interdisciplinar, mediante asociacións estables de profesorado, que favorezan a actualización permanente e o desenvolvemento profesional docente.
- c) Incrementar a proxección e difusión das actividades de innovación educativa da UDC para adquirir unha maior presenza nos foros educativos nacionais e internacionais.
- d) Mellorar o impacto dos procesos de ensino-aprendizaxe e, en xeral, a calidade do ensino na UDC.

1. GID

1.1. Definición

Un GID é un grupo de persoal docente e investigador (PDI) da UDC, e persoas colaboradoras, que se organizan como colectivo estable e desenvolven accións dirixidas á formación, a innovación e a mellora continua da docencia universitaria no marco das titulacións oficiais de grao e de mestrado da UDC.

1.2. Denominación

Cada GID adoptará unha denominación propia acorde co seu ámbito de traballo e que identifique as liñas de actuación en que se centrará. Procurarase que o nome do GID sexa breve e conciso. Tamén se proporcionará un nome abreviado para identificar ao GID. Esta información quedará especificada na solicitude de avaliación do GID, no marco da convocatoria de avaliación de GID que publicará periodicamente a UDC.

1.3. Composición

Os GID deberán estar constituídos, como mínimo, por tres persoas do PDI que impartan docencia nos títulos oficiais de grao ou de máster da UDC. Aínda que non se fixa un número máximo, todas as persoas integrantes dun GID deberán achegar méritos e a súa composición deberá axustarse aos obxectivos e á envergadura do proxecto, polo que **os GID con máis de quince integrantes** deberán xustificar detalladamente este feito.

Así mesmo, poderán formar parte dos GID, ademais do PDI, persoas colaboradoras das seguintes categorías:

- a) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da UDC.
- b) Persoal da UDC contratado con fondos de proxectos de investigación.
- c) Profesorado emérito e honorario da UDC.
- d) Estudantado de doutoramento da UDC.
- e) Persoal docente doutras universidades nacionais ou internacionais.
- f) Persoal docente doutras institucións educativas non universitarias, nacionais ou internacionais.

Non se poderá participar simultaneamente en máis dun GID da UDC na mesma convocatoria de avaliación.

1.4. Coordinación

Cada GID terá unha **persoa coordinadora** que deberá pertencer ao PDI e ter vinculación permanente coa UDC. Excepcionalmente, as persoas do PDI que pertencen á categoría de axudantes doutor/a tamén poderán ser coordinadoras dun GID.

No caso de que a persoa coordinadora dun GID perda a súa vinculación coa UDC, haberá que nomear outra persoa coordinadora.

A persoa coordinadora dun GID debe, entre as responsabilidades que lle son propias, representar indistintamente o GID que coordina; solicitar a súa avaliación segundo os prazos e as instrucións establecidos nas convocatorias correspondentes; e recompilar, custodiar e facilitar toda a documentación xustificativa e administrativa que lle sexa requirida.

1.5. Obrigas

Cada GID comprométese a realizar accións de divulgación das accións de innovación educativa levadas a cabo, por exemplo, coa participación activa nas xornadas de innovación docente organizadas directamente pola UDC ou en colaboración coa UDC.

2. Liñas prioritarias de actuación

En coherencia cos obxectivos do Plan estratéxico da UDC, fíxanse liñas de traballo prioritarias para o desenvolvemento dos GID. Estas liñas de actuación, cuxa finalidade é xerar un impacto real na transformación e a renovación dos procesos de ensino-aprendizaxe na UDC, son as seguintes:

- Liña 1. Metodoloxías activas en docencia presencial e semipresencial.
- Liña 2. Mellora de procesos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe.
- Liña 3. Titorización e atención ao estudantado.
- Liña 4. Uso e aplicación de recursos tecnolóxicos para a mellora da aprendizaxe.
- Liña 5. Fomento da responsabilidade social e medioambiental universitaria.
- Liña 6. Emprendemento e empregabilidade.

Liña 7. Instrumentos e recursos para a mellora da organización e o desempeño docentes.

Liña 8. Accións de divulgación e transferencia do coñecemento á sociedade.

Liña 9. Creación de recursos educativos en aberto.

Liña 10. Accións de innovación educativa para a inclusión, a atención á diversidade e a igualdade de xénero.

Estas liñas de traballo serán flexibles e non excluíntes, é dicir, un GID poderá traballar en varias liñas ao mesmo tempo e de forma transversal.

Excepcionalmente, os GID poderán adscribirse a novas liñas de actuación diferentes das indicadas arriba. Neste caso, deberán achegar unha xustificación do interese, a relevancia e a oportunidade das liñas de actuación propostas.

3. Avaliación dos GID

3.1. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID)

A avaliación da actividade dos GID será competencia da Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID).

3.1.1. Composición

As persoas integrantes da CAID serán nomeadas pola persoa responsable da vicerreitoría con competencias en materia de innovación docente. A CAID estará formada polas seguintes persoas:

- a) Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE.
- b) Secretario/a: persoa do equipo técnico do CUFIE.
- c) Vogais: cando menos unha persoa do PDI por cada rama de coñecemento.

A relación das persoas que forman a CAID especificarase para cada unha das convocatorias de avaliación dos GID.

3.1.2. Funcións

A CAID ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Realizar o proceso de avaliación da actividade dos GID.
- b) Velar polo cumprimento das actuacións que cada GID se compromete a emprender e pola consecución dos logros que se propuxese alcanzar en relación coas liñas de actuación a que se adscriba.
- c) Interpretar e velar polo cumprimento desta normativa de GID e as correspondentes convocatorias de avaliación.

3.2. Período sometido a avaliación

Os períodos de avaliación serán determinados en cada convocatoria de avaliación de GID.

3.3. Méritos avaliáveis

Os méritos avaliáveis detallaranse en cada convocatoria de avaliación de GID e estarán incluídos nalgunha das categorías seguintes:

- a) Actividade do GID.
- b) Impacto das accións de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- c) Colaboración con entidades e institucións.
- d) Formación e calidade da docencia das persoas integrantes do GID.
- e) Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID.

En cada convocatoria de avaliación de GID poderanse definir outras categorías e méritos adicionais.

3.4. Criterios de avaliación e evidencias

En cada convocatoria de avaliación de GID definiranse, como mínimo:

- a) os criterios de avaliación, coas puntuacións correspondentes a cada mérito;
- b) o número máximo de méritos en cada categoría e/ou por cada integrante do GID;
- c) e as evidencias para xustificar cada tipo de mérito.

A avaliación realizarase nunha escala de 0 a 100 puntos e o sistema de puntuación será aditivo. Cada unha das categorías de mérito levará asociada unha puntuación máxima.

3.5. Resolución

Tras a avaliación das solicitudes presentadas, a CAID emitirá unha valoración de acordo coas seguintes categorías:

- a) **GID consolidados**: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 50 puntos.
- b) **GID en vías de consolidación**: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- c) **GID desestimados**: GID non avaliados ou avaliados cunha puntuación inferior a 30 puntos.

3.6. Certificación e difusión de resultados

O CUFIE emitirá unha certificación conxunta que inclúa todas as persoas integrantes do GID e a súa valoración (GID consolidado ou en vías de consolidación). Os GID desestimados non serán obxecto de certificación.

A relación definitiva de GID consolidados e en vías de consolidación será publicada na Sede Electrónica da UDC unha vez finalizado o proceso de avaliación de cada convocatoria.

3.7. Vixencia da avaliación

A vixencia das avaliacións realizadas en cada convocatoria empezará a contar a partir do último curso académico avaliado e é a seguinte:

- a) **GID consolidados**: catro cursos académicos.
- b) **GID en vías de consolidación**: dous cursos académicos.

É responsabilidade de cada GID manter a súa continuidade mediante a solicitude de avaliación da súa actividade na convocatoria que corresponda ao curso académico en que expire a vixencia da súa avaliación.

4. Disposición derogatoria

Con esta normativa quedan derogadas: as normativas reguladoras anteriores aprobadas polo Consello de Goberno nas súas xuntanzas dos días 20/07/2017 e 28/04/2022, e a actualización aprobada polo Consello de Goberno o día 19/12/2018.

5. Disposición final

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.